

# MANUAL DE SOLICITUDE DE LICENZAS FEGAN

Tempada 2026-27.

## 1. Acceso á plataforma

Acceso á plataforma de solicitude de licenzas: <https://intranet.rfen.es>



The screenshot shows the login interface for Rfen Aquatics. At the top is the Rfen Aquatics logo. Below it are three input fields: 'Correo electrónico', 'Contraseña', and 'Tema claro' (with a dropdown arrow). There is a checkbox for 'Mantener sesión iniciada'. A large green 'Acceder' button is at the bottom. Below the button is a link: 'Si no dispones de acceso o no recuerdas tu contraseña pincha aquí'. At the bottom of the page are two logos: the European Union flag with the text 'Financiado por la Unión Europea Next GenerationEU' and the 'Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia' logo.

Se non se dispón de aceso ou non se lembra se se ten acceso hase empregar a opción «Si no dispones de acceso o no recuerdas tu contraseña pincha aquí».

## 2. Definición

Debemos distinguir entre:

- **Persoa solicitante** do sistema: persoa rexistrada no sistema cun acceso ó mesmo. Esta persoa fornece: nome, apelidos e correo electrónico e ten unha contrasinal de acceso.
- **Persoa con licenzia**: persoa que ten licenzia na que fornece todos os seus datos: nome, apelidos, data de nacemento, nacionalidade, correo electrónico... e que está vinculada a un club.

Unha persoa solicitante pode ser por exemplo unha nai que xestiona a seu fillo que sería a persoa con licenzia.

Para que as persoas usuarias poidan solicitar licenzas, teñen que ser administradoras da persoa á que queren solicitar a licenzia (persoa con licenzia).

### 3. Consideracións do acceso á plataforma

O **acceso** ao portal realízase a través dun **endereço de correo electrónico**. No primeiro intento de acceso, o sistema solicitará o rexistro e enviará un correo electrónico de verificación para confirmar a súa pertenza.


Unha vez verificado o correo electrónico, o sistema comprobará se o correo electrónico da persoa solicitante está especificado como correo electrónico de contacto nun ou máis licenzas de persoa. Se é así, **realizarase a vinculación automática**, o que permitirá ao usuario xestionar estas persoas con licenza desde a intranet.

Unha persoa con licenza pode estar vinculada a máis dunha persoa solicitante, todas elas terán acceso para xestionala. Por exemplo no caso de que pai e nai queiran ter acceso as licenzas dos seus fillos menores por separado.

### 4. Acceso ó área de persoa solicitante

Unha vez se acceda, debería aparecer unha pantalla como esta. É importante verificar que se está na tempada actual, isto é indicado na barra superior á esquerda.


Imaxe 1:



### 5. Comprobación de persoas vinculadas á persoa solicitante

Compróbase se a persoa está na lista de persoas. Paa elo hasse premer no menú «Personas» e aparecerá a lista de persoas vinculadas á persoa solicitante.

Imaxe 2:




**Importante!** Non empregar o botón «Añadir persona nueva» para recuperar unha persoa que tivo licenza e polo tanto que xa está no sistema. O formulario que aparece no segundo 58 do manual da RFEN ([https://rfen\\_desarrollo.federatio.com/upload/A%C3%B1adirLicenciaAutLocal.mp4](https://rfen_desarrollo.federatio.com/upload/A%C3%B1adirLicenciaAutLocal.mp4)) na actualidade non aparece/funxiona polo que, mentres non funcione temos que recorrer a que a vinculación a faga o club manualmente.

**Importante!** Se a persoa á que queremos solicitar licenza **non está na lista** de persoas e esta **persoa tivo algunha vez unha licenza** de natación, natación artística ou wáter-polo, débese **contactar co club no que tivo a última licenza** indicando o enderezo de **correo electrónico** de acceso a Federatio (o correo electrónico a indicar é o que se empregou para rexistrarse e chegar até a pantalla da imaxe 1), o **nome completo, dni, e data de nacemento da persoa** que queremos que se nos vincule. Con isto o club no que a persoa tivo a súa última licenza vinculará a persoa á que quere solicitar licenza á persoa solicitante.

## 6. Solicitud de licenza


Accedese ó menú Licenzas > Licenzas autonómicas e púlsase na opción «Renovar Licencia».

Imaxe 3:



Accedendo á seguinte pantalla

Imaxe 4:




**Importante!** Se a persoa nunca tivo licenza de natación nin de natación artística nin de wáter-polo, o polo tanto non está no sistema, premerase no botón «Añadir Persoa Nueva» no caso contrario a persoa, deber estar la lista, se non o está volvemos ó punto deste manual chamado «Comprobación de persoas vinculadas á persoa solicitante». Se a persoa está na lista prémese no botón «Añadir Licencia» que está ó lado dereito dos datos da persoa.

## 7. Engadir licenza

Aquí é simplemente encher os datos requiridos nos 3 pasos:

- Datos persoais
- Datos da licenza
- Documentación

Imaxe 5.




Debe revisarse que o círculo da documentación estea en verde.

No caso de persoas adestradores hase indicar o nivel de titulación.

**Solicitud de licencia Autonómica 2026/2027**

PASO 1 - Datos Personales PASO 2 - Datos de la licencia PASO 3 - F

Licencia solicitada al Club

|                       |                                                                                                         |
|-----------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| IDENTIFICADOR         |                                                                                                         |
| NOMBRE                |                                                                                                         |
| APELLIDOS             |                                                                                                         |
| FECHA NAC.            |                                                                                                         |
| FED. AUTONÓMICA       | FEDERACION GALEGA DE NATACION                                                                           |
| TIPO DE LA LICENCIA   | Técnicos de federación 0C                                                                               |
| TITULACIÓN            | Entrenador Superior/Nivel 3                                                                             |
| DOCUMENTACIÓN         | Archivo titulación:  + |
| ESTADO DE LA LICENCIA |                        |

**DOCUMENTACIÓN REQUERIDA PARA FINALIZAR LA LICENCIA**

IMAGEN 

CERTIFICADO NEGATIVO DELITOS SEXUAIS (OBRIGATORIO)

 Descargar  Borrar

1 / 1

Unha vez solicitada a licenza esta ha de ser validada primeiro polo club na que se solicitou e posteriormente pola Federación.

## 8. Listaxe de licenzas

Pode consultarse o estado das licenzas solicitadas accedendo ó menú «Licencias».

**IMPORTANTE!!** comprobar que o círculo da solicitude aparece en verde, en caso contrario revisar que non falte documentación.

Imaxe 6:

Rfen 2025/2026 Inicio - Volver atrás

**LICENCIAS**  
Licencias Autonómicas

 Licencias Solicitadas  Añadir Licencia  Renovar Licencia Filtrar Por:

Buscar una licencia

Buscar por nombre, siglas, código, observaciones

Buscar

Encontrados: 1

| DOC.                                                                                | SOLICITUD  | ESTADO                                                                              | FOTO                                                                                | TEMPORADA | CLUB | FEDERACIÓN                    | RFE ID  | IDENTIFICADOR | NOMBRE | APELLIDOS | ESPECIALIDAD | TIPO LICENCIA          | ACCEDER                                                                               |
|-------------------------------------------------------------------------------------|------------|-------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|-----------|------|-------------------------------|---------|---------------|--------|-----------|--------------|------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|
|  | 12/09/2025 |  |  | 2526      |      | FEDERACION GALEGA DE NATACION | 1127833 |               |        |           | Natación     | Técnicos de federación |  |

## 9. Esquema de solicitude dunha licenza

